8 de marzo de 2023



Proposta de Oración

0. Introdución:

Benvidas/Benvidos a este encontro no que celebramos o "día da muller".

No libro de Xudith a frase "O Señor Deus fíxoo pola man dunha muller", lémbranos algo que mostra a Historia da Salvación e é que o noso Deus, nese modo seu de actuar na historia, desde abaixo e desde a marxe, desde quen non teñen poder, nin lugar, nin palabra recoñecidos, actuou moitas veces a través de mulleres que, rompendo o marco estreito en que as encerraba a súa cultura ou a sociedade do seu tempo, tomaron a palabra, ocuparon un lugar, activaron o seu poder para salvar ou mellorar non só as súas vidas senón as do seu pobo. Así seguiu sendo ao longo de toda a historia. Así segue sendo hoxe tamén.

Por iso, celebrar este día é clamar pola dignidade, a igualdade real e a equidade en todos os ámbitos; é loitar pola desaparición de todo tipo de discriminación. É loitar contra a pobreza, o atropelo e é esixir que termine toda violencia contra o corpo das mulleres.

É, en definitiva, pedir e traballar por un mundo máis igualitario no que se respecte o dereito das mulleres.

Queremos traer á nosa celebración a realidade das mulleres na nosa sociedade, na Igrexa e no mundo non só desde a situación de discriminación, desigualdade ou violencia da que son obxecto, senón sobre todo como motor de cambio que busca unha sociedade máis xusta e inclusiva para todas e todos.

1. **Podemos iniciar escoitando a canción "mans de mulleres" de Martha Guerra.**
   Deixámosvos a letra da canción e o enlace de YouTube.

"Man forte vai varrendo pon leña no fogón
man firme cando escribe unha carta de amor
mans que tecen facendo nós
mans que rezan mans que dan
mans que piden algún futuro pa non morrer en soidade
Man vella que traballa vai enlazando algún tear
man escrava vai aprendendo a bailar a súa liberdade
mans que amasan curtindo a fame co que a terra lles dá
mans que abrazan á esperanza dalgún fillo que se vai
Mans de mulleres que pariron a verdade
Mans de cores aplaudindo algún cantar

Man forte vai varrendo pon leña no fogón
man firme cando escribe unha carta de amor

Mans que tremen mans que súan
mans de terra millo e sal
mans que tocan deixando a alma
mans de sangue de vento e mar
Mans que tremen mans que súan
mans de terra millo e sal
mans que tocan deixando a alma
mans de sangue de vento e mar".

https://www.youtube.com/watch?v=TT7tMoMsaVI

2. **Fagamos memoria contemplativa a partir da vida e a historia de tantas mulleres que souberon e saben xestar cambios capaces de mover o mundo.**

- **Sifrá e Puá**, as parteiras que desobedeceron as ordes do Faraón para preservar a vida.
- **Débora**, profetisa e xuíza de Israel, cuxa autoridade e liderado levou o seu pobo á vitoria.
- **Esther e Xudith** que, máis aló do medo, asumiron a defensa dos seus pobos fronte a poderes opresores.
- **Rut e Noemí**, símbolo de alianza e apoio mutuo entre mulleres diferentes que suman a favor da vida.
- **As mulleres que seguiron a Xesús** que, atraídas polo Rabbí de Galilea, tamén o deixaron todo para ser as súas discípulas.
- **María de Magdala**, cuxa valentía e entrega fixérona receptora da primeira experiencia pascual

3. **Proposta de oración conxunta.**

Cremos na bondade e o valor das mulleres,
na súa forza e saúde,
na súa capacidade de chorar, rir e celebrar,
na súa capacidade de responder á vida,
de pensar, amar, resistir, apoiar, traballar.

Recadadoras de froitos, campesiñas, criadoras,
educadoras, pioneiras, tecedoras, costureiras,
obreiras, nais, científicas, médicas,
amas de casa e economistas,
traballadoras ocultas sen salario en casa
e traballadoras asalariadas fóra de casa.

Recoñecemos e celebramos esta diversidade
e esperamos o día en que todas as mulleres
poidan expresarse como son,
compartindo os beneficios
da vida e o traballo.

Queremos traballar por un tempo
en que a violencia e a desigualdade desaparezan
e homes e mulleres podamos amar e ser amados,
e o traballo, a riqueza e a dignidade sexan xustamente compartidos.
AMÉN

4. **Fagamos memoria contemplativa a partir da vida e a historia das mulleres que día a día traballan por buscar camiños de igualdade e visibilidade, e por aquelas ás que a vida lles foi sido arrebatada por esa mesma razón.**

5. **MULLERES QUE LOITAN POLOS DEREITOS DAS MULLERES**

Estas son só algunhas das mulleres por medio das cales Deus segue actuando hoxe na historia e son motor dun cambio social. Seguro que quen estamos aquí coñecemos de primeira man a moitas outras, máis anónimas, pero nas que tamén recoñecemos esa forza de Deus, ou mulleres a través das cales Deus tamén actuou nas nosas vidas… Imos deixar dous minutos de silencio para que podamos facer memoria tamén desas mulleres que coñecemos e pedímosvos que escribades o seu nome no papel de cor.

COLECTIVOS DE MUJERES QUE LOITAN XUNTAS

"Un Traballo Decente ten que ser un Traballo Saudable", así o recolle o maxisterio social da Igrexa cando enuncia o dereito dos traballadores e das traballadoras «a ambientes de traballo e a procesos produtivos que non comporten prexuízo á saúde física dos traballadores e non danen a súa integridade moral». (Compendio da DSI, 301)

- **Mulleres de Kerala** (India), que formaron un muro de 620 quilómetros para pedir igualdade.
- **Mulleres palestinas e xudías** que marcharon pola paz no verán de 2018.
- **As Patroas**, que asisten ás persoas migrantes que cruzan México no tren coñecido como La Bestia.
- **As Kellys**, asociación de camareiras de piso organizadas para denunciar e mellorar as súas condicións laborais**.**
- **Movemento Cinto Verde** (Kenia), que loita contra a deforestación e polo desenvolvemento das comunidades plantando árbores.
- **Mulleres de Liberia pola Paz**, cristiás e musulmás, peza fundamental na pacificación do seu país.

Traemos ante Deus a dor das mulleres que sofren violencia e por aquelas que seguen loitando pola vida e a dignidade. (En silencio).

Tamén é bo lembrar que hai unha gran cantidade de violencia que non deixa marcas físicas, é unha violencia psicolóxica e emocional que deixa marcas graves na saúde física e mental. Moitas mulleres están sendo dobradas por esta dor, pola humillación, polo desprezo.

Traemos ante Deus esas situacións (un momento de silencio e despois podemos expresar o que internamente vaia xurdindo).

6. **Podemos rematar o noso momento de oración con expresións de acción de grazas, de petición, cantando ou escoitando unha canción.**